

## **PROPOSTA 2:**

### INSCRIPCIÓNS EN CAMPIONATOS GALEGOS

Ante a necesidade de reduci-los gastos no apartado de competicións e, producíndose nas últimas tempadas numerosas baixas a última hora en determinados Campionatos Galegos de xogadores previamente inscritos; propónse:

O establecemento de cuotas de inscrición que os clubs deberán remitir á FGTM xunto coa inscrición para un determinado Campionato Galego. Desta forma acadaríase:

- Reduci-lo número de baixas de última hora nos Campionatos Galegos.
- Reduci-los gastos no apartado competicións.

Propóñense as cifras de:

- Equipos: 20 €
- Individual: 2 €
- Dobles e Mixtos: 0 €

O cobro desta inscrición non afectaría en forma algunha ás posibles sancións económicas que a FGTM puidera establecer (ver apartado “Sancións” das respectivas circulares).

A cuota de inscrición só será devolta no caso de que un equipo ou xogador previamente inscrito, non poida participar e o poña en coñecemento da FGTM con 5 días de antelación á disputa da competición.